



XUNTA
DE GALICIA

PREVENCIÓN
E SAÚDE LABORAL
ANTE O CORONAVIRUS

PERRUQUERÍAS

issga.xunta.gal



ANTES DE IR AO TRABALLO

- ▶ **Identificar** ao persoal traballador especialmente sensible e adoptar as **medidas específicas** para minimizar o risco de contaxio cando teñan que acudir ao centro de traballo.
- ▶ **Non ir traballar con febre** ou **síntomas da COVID-19** ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.
- ▶ **Difundir as recomendacións** da autoridade sanitaria e do Servizo de Prevención ante o coronavirus mediante carteis ou paneis informativos.
- ▶ Preferirase o **transporte individual**. No **transporte colectivo** é obrigado o uso de **máscara**. Seguir sempre as indicacións das autoridades.



DISTANCIA DE SEGURIDADE

- ▶ **Manter 1,5 metros de distancia de seguridade** tanto entre o persoal traballador como co persoal usuario, nas tarefas que sexa posible.
- ▶ **Evitar coincidir en espazos reducidos** como zonas de descanso e de preparación de produtos.
- ▶ Atender con **cita previa** para controlar o aforo. Adaptar os **horarios de apertura** e organizar o persoal en **quendas** para evitar coincidencia de persoas. Indicar horario preferente para maiores de 75 anos.
- ▶ **Reorganizar as zonas de traballo** deixando un posto baleiro entre clientes nas zonas de tocadores e lavacabezas. Instalar **pantallas de separación e/ou sinalizar** distancias no chan mediante adhesivos ou postes separadores.



MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- ▶ Poñer a disposición dos clientes en **distintos puntos xel hidroalcohólico**, especialmente no acceso.
- ▶ **Retirar todas as revistas, tablets e catálogos de información** para evitar a súa manipulación por diferentes persoas.
- ▶ Fomentar o pago por **medios electrónicos** (tarxeta, móbil). Se non é posible, ter un recipiente para depositar os cartos.
- ▶ **Evitar a utilización de papel** para a xestión da axenda, usar mellor programas informáticos.
- ▶ **Fixar horarios, condicións e zonas para a entrega de produtos.**



HIXIENE E LIMPEZA

- ▶ Facilitar o **lavado frecuente das mans** e o uso de **solucións hidroalcohólicas** a todo o persoal. Lavalas antes e despois de tratar con cada cliente.
- ▶ **Evitar tocar** os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.
- ▶ **Cubrir as vías respiratorias** cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar e desbotalo de xeito adecuado. Se esbirramos ou tusimos con máscara, cambiala despois e lavar as mans.
- ▶ **Cada estilista** terá o seu **propio material de traballo** que non compartirá e que limpará e desinfectará despois de cada servizo. Intentarase **non compartir** tampouco os **produtos** (xampús, xeles, máscaras, etc.) e de facelo, hixienizar o envase.
- ▶ É mellor **non usar a bandoleira** para portar as ferramentas. Utilizarase **roupa de traballo e calzado específico** que non se levará posto fóra do local.
- ▶ Preferiranse os **materiais desbotables** (capas, toallas, etc.) para a clientela. Refugalos en contedor con tapa, pedal e bolsa recambiable.
- ▶ **A roupa de traballo** meterase nunha bolsa pechada e lavarase con auga quente (60-90°C) cos deterxentes habituais. As **prendas do salón reutilizables** almacenaranse en contedor pechado con bolsa ata o seu lavado que se fará tamén en auga quente.
- ▶ **Intensificar a limpeza/desinfección** de espazos e superficies, en especial as que se tocan máis (mostradores, tocadores, cadeiras, pomos, teclados, teléfonos, TPV, aseos, etc.) e sempre nos cambios de quenda. Empregue **sempre produtos recomendados** polas autoridades sanitarias, entre os que non se encontra o ozono.
- ▶ **O uso de máscara é obrigado** no interior do salón aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.
- ▶ Usar as **luvas habituais nas distintas tarefas**, sen descoidar a hixiene e cambiándoas despois de cada actividade (recepción de clientes, execución dun servizo, cobro, etc.).
- ▶ **Ventilar** o local como mínimo de forma diaria e durante o tempo necesario. Asegurar a **renovación do aire**. Se hai sistemas de climatización ou ventilación instalados ademais vixiar o seu correcto funcionamento e mantemento.



INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

A Coruña 981 182 329 issga.coruna@xunta.gal
Lugo 982 294 300 issga.lugo@xunta.gal
Ourense 988 386 395 issga.ourense@xunta.gal

Pontevedra 886 218 101 issga.pontevedra@xunta.gal
Santiago 881 999 332 issga@xunta.gal